

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 13 de agosto de 2009 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, e se procede á súa convocatoria.*

A Orde do 29 de decembro de 2008 (DOG nº 7, do 12 de xaneiro de 2009) establece que os créditos que financian as axudas previstas nelas poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

A situación económica actual require do deseño e desenvolvemento de accións urxentes e excepcionais que sexan capaces de mitigar as dificultades económicas polas que a maior parte dos galegos e galegas está a pasar como consecuencia directa dos efectos que a actual crise ten sobre a perda dos seus postos de traballo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso plan de choque contra a crise. Neste plan en que están implicadas diversas consellerías, a Consellería de Traballo e Benestar comprométese a desenvolver as medidas necesarias para facer fronte á actual situación económica reactivando o mercado laboral en Galicia.

En desenvolvemento do dito plan, a Consellería de Traballo e Benestar aposta por prestar especial atención ás traballadoras e traballadores galegos que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, así como por darlles unha nova oportunidade laboral para que poidan reorientar as súas capacidades laborais e aumentar as súas competencias, e ao mesmo tempo adquirir unha experiencia profesional e obter un medio de subsistencia económica para eles e as súas familias.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, procedentes de remanentes doutras convocatorias, incorporacións e ampliacións de créditos, cómpre realizar unha segunda ampliación por un importe superior a 20,2 millóns de euros dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 29 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

1. Ampliase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008 de acordo coa seguinte desagregación:

a) Capítulo segundo (programas de cooperación con entidades locais-das subvencións para a contratación

de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.460.3: polo importe de 4.139.718,69 € proxecto 2006 00 481 modalidade 3010.

48.04.322A.460.0: polo importe de 4.989.749 € proxecto 2009 01 013 modalidade 1010.

b) Capítulo terceiro (programas de cooperación con administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro) sección I (das subvencións para a contratación de traballadores e traballadoras desempregados/as para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social), nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

48.04.322A.481.1: polo importe de 11.100.000 € proxecto 2009 01 012 modalidade 1010.

#### Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

*Resolución do 3 de agosto de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a selección de 17 empresas para participar no programa de asesoramento e acompañamento individualizado dentro do programa Consolida de información e asesoramento ás mulleres emprendedoras de Galicia.*

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, e adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia en virtude do establecido na disposición adicio-

nal do Decreto 82/2009, do 21 de abril, correspóndelle, entre outras funcións, elaborar plans de actuación, programas piloto e plans-ponte para fomentar o emprego e facilitar a formación profesional das mulleres (artigo 3.8º).

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo.

En execución do Programa Operativo do FSE 2007/2013, Eixe 4, categoría 80, co obxecto de transposición de boas prácticas de proxectos Equal (tendo en conta o proxecto piloto iniciado no marco do Proxecto Calfope, da iniciativa Comunitaria Equal), púxose en marcha o Programa de apoio a mulleres empresarias e, como resultado da experiencia e avaliación durante os últimos catro anos do programa Emega de apoio ao emprendemento feminino, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller convén en, xunto co necesario apoio económico ao emprendemento por parte das mulleres e da formación xeral e específica que lles permita acceder ao emprendemento en igualdade de condicións ca os homes, poñer en marcha un servizo específico de información e asesoramento que poña ás emprendedoras galegas en contacto tanto cos recursos xerais coma cos específicos e que teña, pola súa vez, unha especialización nas circunstancias e requirimentos do emprendemento feminino.

Dentro do citado servizo, unha das actuacións que se vai levar a cabo é o desenvolvemento dunha titorización individualizada que leva consigo o asesoramento e acompañamento individualizado de empresas galegas por parte de persoal experto en xestión empresarial e xénero.

En execución da citada actuación, as accións que se enmarcan nesta resolución van dirixidas, entre outras, a mulleres empresarias que necesiten optimizar os resultados do seu negocio, cooperativas e sociedades que precisen unha mellora da capacidade organizativa a través de redes empresariais desde unha perspectiva de igualdade de oportunidades.

Deste xeito, desenvolverase un programa de asesoramento a empresarias consistente nunha titorización directa a 17 empresas seleccionadas previamente a través desta convocatoria.

Por todo iso, no uso das facultades que teño conferidas, resolvo anunciar a convocatoria pública para a selección das empresas que van

ser titorizadas, de conformidade coas seguintes bases:

*Primeira.-Obxecto.*

Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar dezasete (17) empresas para participar no programa de titorización que se desenvolverá dentro do programa Consolida de información e asesoramento ás mulleres emprendedoras de Galicia, a partir da publicación da relación definitiva de empresas seleccionadas e durante un período de dez meses, que incluírá asistencia, acompañamento e asesoramento en:

- a) Xestión empresarial e comercial.
- b) Xestión contable e fiscal.
- c) Xestión de recursos humanos.
- d) Busca de financiamento.
- e) Servizo de secretariado.
- f) Técnicas de márketing.
- g) Relacións exteriores.

*Segunda.-Participantes.*

1. Poderán presentar a solicitude as empresarias autónomas e empresas formadas unicamente por mulleres, constituídas baixo calquera tipo de sociedade, incluídas as sociedades unipersoais e as empresas participadas maioritariamente por mulleres.

2. É requisito imprescindible ter iniciado a actividade profesional con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006.

*Terceira.-Solicitudes.*

As solicitudes (anexo I) presentaranse no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, xunto coa documentación que se relaciona:

- a) Se a solicitante é persoa física, copia do DNI; se é persoa xurídica, copia do documento de constitución da sociedade, copia do DNI de todas as socias, ou socios, da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade e do CIF da empresa.
- b) Informe orixinal de vida laboral, actualizado, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e/ou pola mutualidade profesional, da

empresaria autónoma ou de todas as socias ou socios.

c) Copia da alta fiscal da empresa na actividade económica.

d) Memoria de actividade e balance de resultados do exercicio anterior a esta convocatoria relativa ao funcionamento da empresa.

#### Cuarta.-*Causas de non-admisión.*

Non se admitirán para participar na selección as empresas nas seguintes situacións:

a) Que iniciasen a súa actividade con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2006.

b) As que fosen beneficiarias dunha titorización individualizada que comporte o asesoramento e acompañamento realizado por parte das administracións públicas

#### Quinta.-*Prazo.*

1. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, requiriranse as interesadas para que, no prazo de dez días, acheguen os documentos preceptivos ou emenden os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidas da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Sexta.-*Selección de participantes.*

A selección de empresas participantes realizárase por comparación das solicitudes correctamente presentadas establecendo unha prelación entre elas segundo os criterios establecidos na base sétima, e seleccionaranse as que maior valoración obteñan.

Para a avaliación de solicitudes constituirase unha comisión de selección formada pola secretaria do organismo, que a presidirá, e por dous vogais designados pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, actuando un deles como secretario/a. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora xeral. Para o estudo das solicitudes a

comisión poderá solicitar asesoramento de persoas expertas.

A comisión presentará o resultado da avaliación, que conterá a relación de solicitantes, á directora xeral para a súa aprobación, de ser o caso.

#### Sétima.-*Criterios de valoración.*

a) Establecemento na empresa de medidas que fomenten o desenvolvemento sustentable: 10 puntos.

b) Incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como apoio aos recursos de conciliación na empresa: 10 puntos.

c) Posto/s de traballo por conta allea con contrato indefinido desempeñados por mulleres que se incorporan ao mercado laboral en situación de violencia de xénero ou con risco de exclusión social ou despois dunha interrupción causada pola dificultade de compatibilizar a vida laboral e familiar: 10 puntos.

d) Empresaria autónoma menor de 35 anos ou maior de 55: 10 puntos.

e) Microempresas: 10 puntos.

f) Pequenas empresas: 6 puntos.

g) Localización, en zonas rurais: 10 puntos.

#### Oitava.-*Publicación da relación de seleccionadas.*

A relación provisional de seleccionadas, unha vez aprobada a proposta da comisión pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, publicarase no taboleiro de anuncios do organismo e na páxina web oficial (<http://sgi.xunta.es>); contra esta resolución poderanse formular alegacións no prazo de dez días naturais. Nos dez días seguintes ao transcurso do prazo anterior publicarase a relación definitiva de empresas seleccionadas.


A resolución definitiva pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa publicación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2009.

P.S. (Resolución 4-5-2009)  
Marta González Vázquez  
Secretaria xeral da Igualdade



ANEXO I


 UNIÓN  
EUROPEA  
Fondo Social  
Europeo


EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO <b>PROGRAMA CONSOLIDA SELECCIÓN DE 17 EMPRESAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE ASESORAMENTO E ACOMPAÑAMENTO INDIVIDUALIZADO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>SI448A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

D./DNA.		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

## EXPÓN:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

Que coñece e acepta todos os requisitos e deberes expresados na resolución de convocatoria incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller solicite a información dos órganos competentes sobre o cumprimento dos deberes tributarios e sociais para recibir axudas públicas, que se estende ao período obrigatorio de mantemento da actividade.

Que considera reunir os requisitos exixidos, polo que SOLICITA a súa inclusión para participar no programa de asesoramento e acompañamento individualizado dentro do programa Consolida de información e asesoramento ás mulleres emprendedoras de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto na base oitava da resolución, este organismo publicará na súa páxina web oficial as beneficiarias do programa, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas e entidades beneficiarias e a referida publicidade.

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (os anexos presentaranse asinados en todas as páxinas e con data)

- COPIA DO DNI DO/A SOLICITANTE
- COPIA DO CIF
- COPIA DO DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE
- COPIA DO DNI DE TODOS/AS OS/AS SOCIOS/AS
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ACTUAR NO NOME DA ENTIDADE
- INFORME ORIXINAL DA VIDA LABORAL, ACTUALIZADO
- COPIA DA ALTA FISCAL DA EMPRESA NA ACTIVIDADE ECONÓMICA
- MEMORIA DE ACTIVIDADE E BALANCE DE RESULTADOS RELATIVA AO FUNCIONAMENTO DA EMPRESA
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS SINALADAS NA BASE SÉTIMA (INDÍQUESE A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 3 de agosto de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a selección de 17 empresas para participar no programa de asesoramento e acompañamento individualizado dentro do programa Consolida de información e asesoramento ás mulleres emprendedoras de Galicia.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA